



## ACTA DÁ ASAMBLEA ORDINARIA DÁ ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PROTECCION CIVIL DE A CORUÑA

En Carballo a 15 de decembro de 2018 sendo as 16:30 horas, en primeira convocatoria sen acadar quorum, e as 17:10 horas en segunda convocatoria presentáronse 14 asociadas e 10 votos delegados doutras tantas asociadas.

### Orde do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta da Asamblea anterior.

A secretaria da lectura a Acta da Asamblea anterior que é aprobada por unanimidade.

2. Informe de Tesorería.

O tesorero presenta as contas do ano 2018, explicando a Asamblea as cantidades que reflexan os ingresos e os gastos.

O informe de tesorería e aprobado por unanimidade.

3. Informe de Presidencia.

O Sr. Presidente da conta das actividades realizadas por esta Asociación o longo do ano 2018, que son as que se reflexan a continuación ,

-O 31 Xaneiro asistese a reunión na Xefatura Provincial para acordar proposta de formación 1er semestre 2019, co seguinte resultado:

Cursos Externalizados: BASICOS : DUMBRIA, CULLEREDO e VAL DO DUBRA.

INCENDIOS: Negreira e Betanzos

ACCIDENTES ESTRADA: A Coruña e Muxía

-Envío de solicitude Reunión con Representante Promoción económica Diputación en relación posibilidade de reunión para expor proposta de cambio na Convocatoria de Subvencións as Agrupacións de Voluntarios co fin de que dita convocatoria se axuste a realidade destas entidades. En ausencia de contestación a primeira consulta , reiterase petición e continuamos sen resposta

-O 5 febreiro asistese a reunión co Director Xeral as 16.30 horas na DXEI, para tratar os seguintes temas de interese:

- Orde de axudas de funcionamento 2019

- Orde de axudas de material 2019
- Mapa de emerxencias
- Aplicación informática para AVPC
- Orde de medallas
- Formación
- Rogos e preguntas

-O 14 febreiro 2019 Asistencia acto entrega DESAS na AGASP.

-Presentase escrito o 24 xunio a Dirección Xeral de modificación do calendario de representación presidencias comisión galega PC.

- O 2 de xullo entra en vigor a Modificación Rotativos Azuis ( solicítanse as diferentes casas que propostas de cambio que se presentan na assemblea)

- Reunión Organización Congreso Estatal Voluntariado –ourense 28/29 novembro, a petición Federación Lucense participación en Reunions previas.

- Celebrase Xornada Provincial 9 Xuño 2018 en Muxia , coincidindo con Curso Salvamento Acúatico organizado por ANAV

-O 6 de xullo a Dirección xeral remite Proposta de Decreto Regulación de Medallas Mérito de PC de Galicia para valoración e no seu caso presentar alegacións. Presentanse varias alegacións que son aceptadas.

- O 12 Xullo Reunión Xefatura Provincial Formación 2ª Semestre Cursos Externalizados ( básicos Outes, Vilasantar, A Coruña. Incendios en Bergondo e Excarceración en Carballo)

-Realízase Asesoramento cursos básicos Vilasantar e Outes no 2º Semestre 2018

-O 27 de setembro convocase reunión con Alcalde de Pontedeume, Portavoz do PSOE na Deputación para exponer postura da Aso. Prov en relación as Subvecions. Comunicase que no día de hoxe que se celebra a Asamblea non existe contestación o asunto

-Organízase Xornada Situación Actual AVPC na Agasp o 9 novembro 2018.

-O 13 de novembro 2018 reunión DX ( campañas varias e Adquisición de material 2019)

-O 16 de novembro reunión Xefatura Provincial co Alcalde e Concelleiro de Cariño para Revitalización AVPC.

-Proposta Xefatura Provincial Cursos externalizados 2019 ( 6 básicos, 6 desa, 2 búsqueda em montaña y mar, 2 Búsqueda Rural, 2 Comunicaciones, 2 Prevención Incendios Urbanos e Forestais, 2 Accidentes Estrada, 2 Licencia Navegación, 2 Control Vespa Velutina)

- Durante o ano xestionanse 50 solicitudes de Colaboración polas diferentes AVPC da provincia para dar cobertura a diferentes Operativos de Risco Previsible , dúas de elas en outras Provincias ( Resurrection Fest –Viveiro, Acendido alumado Público en Vigo)

- Reunións varias de Coordinación con Entidades Organizadoras Eventos Deportivos e Outros.

-Asistencia as Xornadas Provinciais de Lugo e Ourense en A Fonsagrada e Celanova respectivamente.

- O 20 de novembro recibese proposta para Formación gratuita membros de pc en situación de desemprego , 1 plaza o mes para calqueira dos cursos que imparte a empresa INAUDITA, o que se transmite as entidades asociadas.

- O 11 de decembro acudese a Toma de posesión novo Director Xeral, D. Santiago Villanueva Alvarez.

- O 13 de decembro reunión AGASP valoración propostas formación e outros temas a tratar.

- Proponse a organización dunha comida de Despedida Luis Menor para 12 xaneiro 2019.

#### 4. Rogos e preguntas

Proponse que se traballe sobre una Axenda de docentes propios para a impartición da formación os nosos voluntarios, apoiando asemade o Curso de Formador de Formadores que se propón para impartir na Agasp.

Proponse que as ofertas recibidas polas casas comerciais en relación o cambio de rotativos azuis sexa enviado a todas as Agrupacions da provincia vía mail.

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 18:30 horas